

Circular 12/2003 pola que se dictan instruccións para a aplicación da Orde do 19 de maio de 2003 ó alumnado que tendo avaliación negativa en tres ou menos materias de 2º de bacharelato opte por repeti-lo curso completo coa finalidade de mellora-las súas cualificacións

A Orde do 1 de marzo de 1995, pola que se regula a avaliación e a cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan o bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (DOG do 9 de maio), determina no apartado 4 do seu artigo 7º que o alumnado que teña tres ou menos materias pendentes de segundo ou de ámbolos cursos de bacharelato poderá solicitar á dirección do seu centro autorización, por unha soa vez e excepcionalmente, para cursar tódalas materias do segundo curso, coa finalidade de mellora-las súas cualificacións.

Así mesmo, ese apartado establece que, no caso de ser autorizado e nas materias que xa se teñan superadas, consideraráselle a cualificación obtida na nova convocatoria, sempre que a dita cualificación sexa superior á anterior. No caso contrario, prevalecerá a cualificación obtida na convocatoria precedente.

A Orde do 19 de maio de 2003, pola que se determinan os currículos e estrutura do bacharelato sobre os que versarán as probas de acceso á universidade a partir do ano académico 2003-2004 (DOG do 28), establece os currículos, a estrutura do bacharelato e das probas de acceso á universidade para o alumnado que a partir do ano académico 2003-2004 realice os estudos de segundo curso de bacharelato completo ou curse tres ou menos materias.

A finalidade desta circular e determina-la aplicación da Orde do 19 de maio de 2003 ó alumnado que, sendo avaliados negativamente en tres ou menos materias, desexen acollerse ó disposto no artigo 7.4 da Orde do 1 de marzo de 1995.

En consecuencia, e en virtude das disposicións derradeira primeira das Ordes do 1 de marzo de 1995 e do 19 de maio de 2003, esta dirección xeral

DISPÓN

Primeiro

O alumnado que, pola aplicación do apartado 4 do artigo 7º da Orde do 1 de marzo de 1995, tendo tres ou menos materias pendentes de segundo ou de ámbolos cursos de bacharelato, sexa autorizado pola dirección do seu centro para cursar tódalas materias do segundo curso, coa finalidade de mellora-las súas cualificacións, preparará as diferentes materias axustándose ó disposto no artigo 1º da Orde do 19 de maio de 2003.

Segundo

Para a aplicación da mellora das cualificacións que se establece no artigo 7.4 da Orde do 1 de marzo de 1995, nas materias de Filosofía II, Grego II e Historia da Música, así como na materia de Debuxo Técnico II na modalidade de Artes, unicamente se considerarán as cualificacións obtidas na nova convocatoria, por seren materias do nova incorporación na estrutura do bacharelato ou cun novo carácter como materia común ou propias de modalidade.

A non superación dalgunha destas materias implicará a imposibilidade de ser proposto para a obtención do título de bacharel, independentemente das materias que se superaran na convocatoria anterior.

Terceiro

Dado que as autorizacións as que se refire o punto primeiro levarán implícita a aceptación das condicións de matrícula establecidas pola citada Orde do 19 de maio de 2003, as direccións dos centros educativos informarán ó alumnado que desexe acollerse ó disposto no apartado 4 do artigo 7º da Orde do 1 de marzo de 1995 acerca

do establecido na presente circular e, polo tanto, das materias que deberán cursarse, dos cambios nos currículos das materias xa superadas e das modificacións correspondentes nas probas de acceso ós estudos universitarios.

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2003

O Director Xeral de Centros e Ordenación Educativa

Alberto González Armesto